



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA, E INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, SA (INCOLSA) PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2017

Santiago de Compostela, a 5 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Dominguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

Doutra, Información e Comunicación Local, S.A. (en adiante INCOLSA) e no seu nome e representación, o Presidente do Consello de Administración, D. Martiño Noriega Sánchez, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto lle confire o artigo 23 dos Estatutos da Sociedade que lle outorgan a competencia para establecer convenios de colaboración con calquera clase de institución pública ou privada.

E doutra, D. Santiago Nóvoa García con NIF 35.554.842-Q, director de Banca Institucional en nome e representación de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., en adiante ABANCA, con domicilio social na cidade de Betanzos, A Coruña, rúa Cantón Claudino Pita, nº2, con NIF A70302039.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o concello de Santiago de Compostela ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. O Concello de Santiago exerce esta competencia a través da sociedade municipal Información e Comunicación Social, S.A., (INCOLSA), medio propio do devandito concello.



Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a esta entidade correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais, e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto.- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e á promoción das Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Que no mes de xullo de 2017 celebráranse as Festas do Apóstolo, declaradas Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2001.

Sexto.- Que a Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar a celebración e a promoción das festas indicadas no expoñendo anterior por tratarse o dito evento dun dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser INCOLSA a entidade encargada da organización, promoción e difusión turística das Festas do Apóstolo 2017.

Sétimo.- Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 figura a aplicación 04.A2.761A.760.1 "Axudas a festas de interese turístico", código de proxecto 2017-00005, dotada con fondos propios da Comunidade Autónoma.

Oitavo.- Que ABANCA se compromete a colaborar economicamente no desenvolvemento das Festas do Apóstolo 2017 mediante unha achega de 10.000.-€.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e INCOLSA, para o apoio á celebración e promoción das Festas do Apóstolo 2017, que terán lugar no mes de xullo de 2017, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

As celebracións dedicadas ao Apóstolo, patrón de Santiago e de Galicia, son as festas turísticas da cidade por excelencia, destacando tamén unha importantísima participación de peregrinos de todos os países, e nelas conviven a solemnidade relixiosa e oficial, o sabor popular, e a animación, que converten a toda a cidade nun gran festival.

A antigüidade, tradición e historia das Festas do Apóstolo aparece recollida na publicación "Las fiestas del Apóstol Santiago, 1500-1985. Una aproximación a la historia del ocio y el tiempo libre en la ciudad de Santiago a través de sus fiestas patronales", da que é autor José Antonio Tojo Ramallo e que está editada polo Consorcio de Santiago. Nel o autor desvela, por medio de abundantes documentos e fotografías, o desenvolvemento que ao longo dos séculos experimentaron as Festas do Apóstolo, a maior manifestación de alegría e diversión de Galicia.

As Festas do Apóstolo foron declaradas Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2001.

O 24 e o 25 de xullo son os días grandes. Tradicionalmente, a noite do 24 hai un impresionante espectáculo de fogos artificiais en honor ao Apóstolo, ao tempo que se queima o gran castelo de piroctenia que imita a fachada gótica da Catedral.

O 25, durante a misa solemne que se celebra na catedral, o Rei ou un delegado da Casa Real fai a tradicional ofrenda ao Apóstolo Santiago. Nesta misa pódese ver o botafumeiro, extraordinario incensario de xigantescas dimensións, balancearse na Catedral perfumándoa e envolvéndoa nun halo místico. O 25 é tamén o día de Galicia, con actos que congregan milleiros de galegos e galegas na cidade.

Durante toda a segunda quincena do mes de xullo as actividades culturais destacan pola súa calidade e diversidade. A música de todos os estilos, a danza e o teatro, os pasarrúas, as verbenas... invaden Compostela.

Destaca nos actos o encontro de xigantes e cabezudos, cuxa historia data, no caso dos xigantes, do século XVII, mentres que o grupo de cabezudos anima o ambiente desde 1879. Os oito xigantes representan aos peregrinos que, desde diferentes partes do mundo, acudían a render tributo ao Apóstolo Santiago. Pola súa banda, os populares cabezudos simbolizan os catro reis de pobos míticos que viñan, como os xigantes, a Compostela.

A tradicional exhibición de traxes rexionais e bailes folclóricos é outra das citas históricas destas festas, que se pechan o día 31 de xullo con outro espectáculo de fogos artificiais.

Cando o 25 de xullo coincide en domingo, celébrase o Ano Santo Compostelán. Esta circunstancia repítese en ciclos de 6, 5, 6 e 11 anos. 1993, 1999, 2004 e 2010 foron Anos Xubilares, e serao novamente o 2021. Neses anos a afluencia á cidade de peregrinos chegados de todo o mundo é aínda maior.

Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública ao ser INCOLSA a entidade encargada da organización, promoción e difusión turística das Festas do Apóstolo 2017.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 35.000.-€ (IVE excluído) que se distribúen do seguinte xeito:

Concepto	Importe
Espectáculo itinerante para familias - especial "Festas do Apóstolo 2017". Documentación, guión, vestiario, dirección/dramatización, actores, difusión	21.000,00.-€
Material promocional: folleto especial "Festas do Apóstolo 2017". Deseño, impresión e distribución masiva (15.000 unidades).	6.000,00.-€
"Compostela, territorio das mulleres": Sección específica dentro das festas do apóstolo, que se concretará en actuacións musicais e performáticas de rúa.	8.000,00.- €
Total	35.000.-€



Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro anterior na contía máxima de vinte e cinco mil euros (25.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.1, proxecto 2017-00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor de INCOLSA, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención. A contía máxima do pagamento virá representada pola contía efectivamente xustificada, sen que en ningún caso poida superarse o límite máximo de 25.000 euros.

Pola súa parte, ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 10.000.-€

Terceira. - Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2017. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. INCOLSA, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a "Marca Turística de Galicia" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En relación á colaboración con ABANCA, incorporar o distintivo corporativo desta entidade nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia. Este distintivo deberá incluírse en calquera soporte publicitario que faga promoción da festa por parte da Organización, ocupando unha porcentaxe dun 2% como espazo mínimo nos ditos soportes publicitarios, extremo que será comprobado pola entidade ABANCA. Así mesmo, deberá remitir ao correo electrónico



ggarcia@abanca.com, con carácter previo á produción dos soportes publicitarios, unha mostra da aplicación do distintivo da entidade nos soportes. ABANCA validará a aplicación da súa marca e remitirá un xustificante que o acredite.

3. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención por importe máximo de 25.000 €. Esta subvención financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2 761A.760.1 dos orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017.

4. ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 10.000.-€

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Xustificación de fondos e pagamento

I.- A xustificación da subvención da Axencia Turismo de Galicia efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterá a seguinte documentación:

- 1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:



a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento, con indicación das desviacións, de terse producido estas.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

3) Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso da subvención e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

A entidade INCOLSA ademais deberá presentar:

- Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

- Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a "Marca Turística de Galicia".

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservárase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **15 de outubro de 2017**.

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

II.- A achega de ABANCA será pagada directamente por esta á INCOLSA, unha vez que esta remita á dita entidade bancaria o detalle dos soportes publicitarios. Para tramitar o pagamento de ABANCA, INCOLSA deberá remitirle á dirección ggarciac@abanca.com a seguinte documentación:

- Solicitud de abono en formato pdf. (Anexo 1)
- Memoria en formato pdf na que se amosen fotografías dos soportes publicitarios onde se aplicou a marca ABANCA.
- Xustificante emitido por ABANCA, antes da celebración da festa, no que valide a aplicación do seu distintivo nos soportes publicitarios.

Oitava .- Pagamentos anticipados e a conta da subvención da Axencia Turismo de Galicia

Poderanse realizar pagamentos anticipados da subvención que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2017, conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% da subvención concedida, o que supón un importe máximo de 12.500.-€.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do dito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas.

Para proceder ao seu pagamento, INCOLSA deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta respecto das actuacións executadas.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia INCOLSA queda exonerada da constitución de garantía.

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas INCOLSA deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poida xurdir, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado por INCOLSA, un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia e un representante de ABANCA. Respecto da subvención concedida, a Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima primeira.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Décima segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.

Décima terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no apartado d) e e) do apartado 1 do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; as Leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.



Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo quinta.- Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia

A directora de Turismo de Galicia

María Nava Castro Domínguez

Por INCOLSA

O presidente

Martiño Noriega Sánchez

Por ABANCA

O director de Banca institucional

Santiago Novoa García



ANEXO 1:

INSTRUCCIÓN: Cubrir o documento, con firma e selo e remitir en pdf a ggarciac@abanca.com, xunto con:

- Memoria acreditativa da aplicación da marca ABANCA en todos os soportes publicitarios producidos con motivo da festa (formato pdf)
- Xustificante da validación previa de ABANCA á aplicación do seu distintivo/logotipo en todos os soportes publicitarios.

MODELO DE SOLICITUDE DE ABONO

Nome da persoa que asina o escrito, cargo que ocupa e entidade á que pertence

Exemplo: _____, alcalde do Concello de _____, Provincia de _____

Visto o convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria SA con CIF A-70302039 e o *[NOME DO CONCELLO/ENTIDADE]*, con *[CIF]*, para a celebración de *[NOME DA FESTA]*, no que recolle unha colaboración por importe de *[IMPORTE RECOLLIDO NO CONVENIO]* €.

Visto que xa se remitiu a Abanca:

- Memoria acreditativa da aplicación da marca ABANCA en todos os soportes publicitarios producidos con motivo da festa (formato pdf)
- Xustificante da validación previa de ABANCA á aplicación do seu distintivo/logotipo en todos os soportes publicitarios.

SOLICITO,

O ingreso do patrocinio recollido no protocolo de colaboración na conta que o *[NOME DO CONCELLO/ENTIDADE]* ten aberta en Abanca número: ESXX- 2080- XXXX -XXXX- XXXX- XXXX

Firma, selo e data


